

ANPA IES A BASELLA (611080231)

Estimadas familias do IES A BASELLA:

Nesta transición entre o final dun curso e o inicio do curso 2023-2024, os membros da directiva desta asociación queremos aproveitar a oportunidade de agradecer ás familias socias a súa colaboración, posto que a existencia da mesma e todas as actividades e axudas que financia a ANPA non serían posibles sin a vosa aportación.

Neste senso, pareceunos un bo momento para facer un resumo das colaboracións da ANPA para toda a comunidade educativa, ben sexan iniciativas que xorden nas asambleas, ben sexan colaboracións que nos solicita a directiva do centro e que tamén son consensuadas nas reunións da asociación:

- Contrato coa empresa de transporte da liña da Illa, que pagan os usuarios pero debe contratar a ANPA.
- En cursos anteriores compra de torsos para practicar maniobras de reanimación nas clases, mesa de ping pong, taburetes altos para a reforma da biblioteca.
- Neste curso compra de un desfibrilador e pendentes de estimar os fondos para axudar a pagar o curso de formación que recibiron algúns profes para saber usalo correctamente. Aproveitamos para agradecerlle a súa implicación para que a instalación do mesmo se fixese posible para o ben de toda a comunidade educativa.
- Colaboracións na realización de alguna festa de Magosto e nalgúnha charla impartida no centro.
- Dotación económica para os concursos literarios que organiza o profesorado nas categorías de lingua castelá, galega e estranxeiras.
- Axudas económicas para as celebracións de graduación de 4º da ESO e 2º de Bacharelato.
- Axuda para gastos de ABAU exclusiva para socios (pendente de revisar a contía para que quede algún fondo das cuotas para os gastos da ANPA)
- Compra este curso de teléfono propio para Ampa.
- Gastos correntes de liña de teléfono e cotas de administración e mantemento da conta do banco da ANPA.
- Colaboración coa asociación de comercio local e gastos de imprenta de carnets desconto para os socios.

Como podedes observar neste resumo, a maior parte das colaboracións que presta esta asociación son para beneficio de toda a comunidade educativa, non só para os socios.

É por este motivo que nos animamos a pedirvos a todos a vosa colaboración para que xuntos poidamos construir mais e axudar mais os nosos fillos.

Cantos mais sexamos , mais forza podemos facer se se presenta algún problema que nos afecte a todos e mais axudas poderemos prestar.

Moitas grazas a todas as familias que xa son socias e animamos as que non o son a facerse, áinda que xa fixesen a matrícula. BO VERÁN E BO INICIO DE CURSO!!